

1º EXERCICIO: PARTE COMÚN

INSTRUCCIÓN:

- 1.- Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.
- 2.- Esta proba consiste nun cuestionario non eliminatorio sobre o contido da parte común do programa, de 10 preguntas tipo test con 2 de reserva (a C11 á C12), que deberán ser contestadas a continuación do recadro "**Común**" entre os números **C1** e **C12**, da "FOLLA DE RESPOSTAS".
- 3.- O tempo total de realización do exercicio, é de **15 minutos**.
- 4.- Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán **0,50** puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán **0,125** puntos.
- 5.- Comprobe sempre que o número de resposta que sinala na "FOLLA DE RESPOSTAS" é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.
- 6.- Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.
- 7.- A resposta correcta marcarase cun **X** ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.

Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.
- 8.- En caso de erro tipográfico ou de transcripción entre o texto editado en galego e o editado en castelán, do cuestionario bilingüe, prevalece este último aos únicos efectos da súa comprensión lóxica, sen prexuízo das aclaracións vinculantes que de viva voz poida advertir o tribunal durante a realización desta proba. Así mesmo, algúns termos técnicos, neoloxismos ou outras expresións de difícil correspondencia na tradución, poderán expresarse de maneira unívoca.
- 9.- Ao rematar o seu exercicio, coloque este cuestionario no chan e espere as indicacións para realizar a continuación o seguinte exame, en unidade de acto. Cando finalice todos os exercicios deberá entregar a "FOLLA DE RESPOSTAS" no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folla autocopiativa. Ao abandonar o recinto **NON** poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web: www.sergas.es, logo de finalizados os tempos de exame.

**LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCCIÓNS
QUE FIGURAN NO REVERSO DA FOLLA DE RESPOSTAS
PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO**

EXAME EN GALEGO

1. Segundo o artigo 76 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, é competencia da Consellería de Sanidade:

- A) A planificación da ordenación territorial do Sistema Público de Saúde de Galicia
- B) Os acordos de creación de hospitais públicos en Galicia
- C) O nomeamento e cese dos altos cargos da Administración pública sanitaria da Xunta de Galicia
- D) A aprobación do proxecto de orzamento da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde

2. Segundo o previsto na Lei orgánica 15/1999 de protección de datos de carácter persoal, o tratamento de datos de carácter persoal que fagan referencia á saúde:

- A) Requirirá consentimento tácito do afectado
- B) Requirirá consentimento expreso e por escrito do afectado
- C) Requirirá consentimento expreso do afectado
- D) Non requirirá consentimento cando o dito tratamento sexa necesario para o diagnóstico médico

3. Que Título da Constitución española denomínase: Dos dereitos e deberes fundamentais?

- A) Título I.
- B) Título II.
- C) Título III.
- D) Título IV.

4. O Estatuto de autonomía de Galicia consta dun total de:

- A) 57 artigos, 4 disposicións adicionais e 7 disposicións transitorias.
- B) 56 artigos, 2 disposicións adicionais e 7 disposicións transitorias.
- C) 57 artigos, 3 disposicións adicionais e 5 disposicións transitorias.
- D) 56 artigos, 4 disposicións adicionais e 6 disposicións transitorias.

5. O Instituto Nacional de Seguridade e Hixiene no Traballo:

- A) Actuará como centro de referencia nacional en relación coas Institucións da Unión Europea
- B) Fomentará e prestará apoio á realización de actividades de promoción da seguridade e da saúde nas Comunidades Autónomas
- C) Prestará, de acordo coas Administracións competentes, apoio técnico especializado en materia de certificación, ensaio e acreditación
- D) Todas son correctas

6. Non se atopa recollido no artigo 16 do Estatuto de autonomía de Galicia:

- A) A Xunta é o órgano colexiado de Goberno de Galicia.
- B) O Presidente da Xunta será elixido polo Parlamento Galego de entre os seus membros e será nomeado polo Rei.
- C) A Xunta de Galicia está composta polo Presidente, Vicepresidente ou Vicepresidentes, se é o caso, e os Conselleiros.
- D) Os Vicepresidentes e Conselleiros serán nomeados e cesados polo Presidente.

7. A selección de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, tal e como figura no artigo 6 do Decreto 206/2005, efectuarase:

- A) Con carácter xeral, polo procedemento de concurso–oposición
- B) Con carácter xeral, polo procedemento de concurso
- C) Con carácter xeral, polo procedemento de oposición
- D) Sempre se empregará o procedemento de concurso–oposición

8. O artigo 6 da Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade establece que as actuacións das Administracións públicas Sanitarias estarán orientadas:

- A) Á promoción da saúde.
- B) A garantir a asistencia sanitaria en todos os casos de perda de saúde.
- C) A promover as accións necesarias para a rehabilitación funcional e reinserción social do paciente.
- D) Todas son verdadeiras.

9. Segundo o artigo 41 do Estatuto Marco do persoal estatutario dos servizos de saúde, quenes exerciten o dereito a folga:

- A) Devengarán e percibirán as retribucións correspondentes ao tempo no que permanecesen nesa situación.
- B) Non devengarán, pero percibirán as retribucións correspondentes ao tempo no que permanecesen nesa situación.
- C) Non devengarán nin percibirán as retribucións correspondentes ao tempo no que permanecesen nesa situación.
- D) Devengarán, pero non percibirán as retribucións correspondentes ao tempo no que permanecesen nesa situación.

10. En que artigo da Constitución española recoñécese o dereito á protección da saúde?:

- A) 41.
- B) 42.
- C) 43.
- D) 44.

1. O modelo de xestión que se implanta co Decreto 168/2010 que regula a estrutura organizativa de xestión integrada do Servizo Galego de Saúde, ten como obxectivos:

- A) Utilizar eficientemente todos os recursos mediante a promoción do traballo en equipo e a implicación dos profesionais na xestión
- B) Garantir a transparencia e a autonomía de decisión dos pacientes establecida na lexislación vixente, mediante o desenvolvemento axustado aos sistemas de información e comunicación
- C) Garantir a equidade, accesibilidade, continuidade, calidade e seguridade da atención, mediante a xestión por procesos, con priorización segundo os criterios de planificación, gravidade, urxencia e frecuencia establecidas
- D) Todas son correctas

2. A provisión de prazas de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, tal e como figura no artigo 2 do Decreto 206/2005, rexerese polos seguintes principios básicos:

- A) Coordinación, cooperación e mutua información entre as administracións sanitarias públicas
- B) Planificación eficiente das necesidades de recursos humanos e programación periódica das convocatorias
- C) Igualdade, mérito, capacidade e publicidade na selección, promoción e mobilidade do persoal do organismo
- D) Todas son correctas